

**BASES PARA A CONTRATACION DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A SENSIBILIZACIÓN E POSTA EN VALOR DOS RESULTADOS DO EIXE IV DO FEP.**

**ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN AO ABEIRO DO PLAN ESTRATEXICO ZONAL (PEZ) DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA Nº 6 RÍA DE PONTEVEDRA.**

<b>Entidade contratante</b>	GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA
<b>Contratación</b>	Procedemento aberto con multiplicidade de criterios.
<b>Obxecto</b>	Asistencia técnica para a sensibilización e posta en valor dos resultados do eixe IV do FEP.
<b>Traballos a realizar</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- avaliación de cambios no territorio e no sector pesqueiro.</li> <li>- Valoración do traballo desenvolto polo GAC.</li> <li>- Prioridades de traballo.</li> <li>- Contribución do Grupo ao desenvolvemento sostible do territorio.</li> </ul>
<b>Contido das propostas</b>	Ver prescricións técnicas das presentes bases.
<b>Prazo de execución</b>	Mes e medio dende a sinatura do contrato.
<b>Orzamento de licitación</b>	DOCE MIL EUROS (12.000,00 €), I.V.E. incluído.
<b>Criterios de adjudicación:</b>	Ver cláusula 6 das presentes bases.
<b>Pagamento</b>	Logo da presentación da factura e certificación final, sempre segundo a execución dos pagamentos dos gastos de funcionamento e dinamización do grupo pola Consellería do Mar.
<b>Presentación das ofertas:</b>	DEZ DÍAS NATURAIS dende a recepción de invitación, ata ás 14:00 horas.

## 1) XUSTIFICACIÓN.-

O Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra, en diante GAC, ten entre os seus fins os descritos no artigo 44 do Regulamento 1198/2006 do Consello do 27 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Pesca e, de xeito particular, nos seus Estatutos. Entre eles están:

- Participar en cantas iniciativas zonais, rexionais, nacionais e internacionais contribúan a potenciar o desenvolvemento socioeconómico do sector pesqueiro da zona.
- Ser factor de sensibilización das administracións locais, autonómica e estatal, entidades públicas e privadas, así como as institucións comunitarias europeas canalizando as demandas da poboación do territorio, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona para o seu desenvolvemento harmónico, equilibrado, sostible e integral.

Este prego elabórase en virtude do convenio de colaboración asinado o 11 de agosto de 2009 entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e o Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra para a zona pesqueira número 6 para a aplicación do Plan Estratéxico Zonal (PEZ) no marco do eixo 4 do Fondo Europeo de Pesca 2007-2013.

O GAC Ría de Pontevedra ten entre as súas funcións, en virtude do convenio asinado *“difundir, sensibilizar e dinamizar as accións previstas no Plan Estratéxico Zonal con cargo aos gastos de xestión aprobados con tal fin”*.

Coa realización desta asistencia técnica perséguese a posta en marcha de actuacións tendentes á consecución dos seguintes obxectivos xenerais:

- Sensibilizar á poboación do territorio e procurar a posta en valor dos resultados do trabalo do GAC Ría de Pontevedra
- Visibilización dos resultados do traballo do GAC Ría de Pontevedra.

## 2) OBXECTO DO PREGO.-

O presente prego ten como finalidade a definición das condicións que regulan o contrato de asistencia técnica para a realización de accións de dinamización e sensibilización que se detallan no mesmo e, que constitúen lei do contrato con forza vinculante para ambas partes.

## 3) ORZAMENTO MÁXIMO.-

O orzamento máximo previsto é de **DOCE MIL EUROS (12.000,00 €)**. Neste importe enténdese incluído o I.V.E.

Este orzamento está subvencionado polo Fondo Europeo de Pesca nunha porcentaxe do 75 %, o na restante o Ministerio de Agricultura, alimentación y medio ambiente e a Consellería do Medio Rural e do Mar.

#### **4) REVISIÓN DE PREZOS.-**

Non haberá revisión de prezos.

#### **5) PRAZO DE EXECUCIÓN.-**

O prazo de execución do contrato contará a partir da sinatura do contrato é de un mes e medio.

#### **6) FORMA E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.-**

Para a selección da proposta adxudicataria teranse en conta os seguintes criterios de valoración, cun máximo de 30 puntos.

<b>A. CRITERIOS TÉCNICOS: ..... Ata 18 puntos</b>
---

##### **1. - Calidade técnica da proposta.....Ata 15 puntos**

Valorarase a calidade técnica da proposta presentada, a partir dos seguintes elementos:

- Detalle das actuacións a desenvolver.
- Experiencia previa en desenvolvemento local participativo.
- Incorporación de melloras, criterios e indicadores de avaliación previstos no novo período.
- Adaptación da proposta ao territorio e ámbito de influencia.
- Incorporación de elementos transversais.
- Estratexias de contacto, implicación e participación da poboación do territorio e ámbito de influencia e, en especial, dos axentes do mesmo.

- 3

##### **2.-Plan de comunicación e difusión do proxecto..... máximo 3 puntos**

Valorarase a definición da oferta en materiais publicitarios así coma os recursos de índole mediático que permitan á entidade contratante sopesar a calidade técnica da mensaxe, a motivación dos medios e o seu potencial tratamento e proxección xeográfica.

<b>A. CRITERIOS ECONÓMICOS: ..... Ata 12 puntos</b>
---

##### **4.-Melloras ó contrato.....Ata 7 puntos.**

Deberán definirse as melloras propostas ó contrato xunto coa valoración económica das mesmas.

**5.-Oferta económica .....Ata 5 puntos.**

Presentarase unha oferta na que se desagreguen cada un dos conceptos obxecto do contrato recollidos nas prescricións técnicas e así mesmo valorarase a existencia dun orzamento desagregado de cada unha das actuacións a realizar.

A valoración máxima será para a proposta económica máis reducida. O resto das propostas obterán unha puntuación proporcional á oferta económica presentada.

**7) FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN.-**

As propostas deberán presentarse no Rexistro do Concello de Marín ou no Grupo de Acción Costeira e irán dirixidas ao presidente do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra. O prazo de presentación de ofertas é de dez días naturais dende a recepción da invitación e remata as 14:00 horas, agás no caso de que o prazo remate nun sábado, que será ás 13:00 horas (Rexistro do Concello de Marín). O anuncio publicarase na páxina web de Acción Costeira – [www.accioncosteira.es](http://www.accioncosteira.es).

Non serán admitidas propostas remitidas por correo electrónico mais si por calquera forma das previstas na Lei de contratos das Administracións públicas. As propostas serán secretas e a súa presentación presume a aceptación das cláusulas do prego e a declaración responsable do propoñente que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co GAC Ría de Pontevedra.

- 4

**8) DOCUMENTACION A PRESENTAR**

As propostas presentaranse en tres sobres independentes pechados, en soporte papel e indicando o nome ou razón social, domicilio social e asinados polo licitador debendo incluír a referencia do contrato obxecto do prego e incluírán a documentación seguinte:

**SOBRE A: Documentación xeral:**

A) Documentos acreditativos das personalidade xurídica e capacidade de obrar:

A.1) PERSOAS FÍSICAS: Fotocopia do D.N.I debidamente compulsadas.

A.2) PERSOAS XURÍDICAS:

- Deberá presentar copia ou testemuña notarial das Escrituras de constitución e, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil.

- Fotocopia da tarxeta do Código de Identificación Fiscal (CIF) debidamente compulsada.

A.3) As empresas non españolas de estados membros da Unión Europea deberán presentar a mesma documentación esixida para este tipo de empresas na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

B) Documentos acreditativos da representación:

Poder.- Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á Persoa ou Entidade ó nome da cal concorre. Dito poder debe figurar inscrito, no seu caso, no Rexistro Mercantil. A persoa/s con poder bastante a efectos de representación deberá acompañar fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.

C) Certificación acreditativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social

Certificación ou documento acreditativo de que o contratista se encontra ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

A documentación correspondente aos apartados A.2 e B poderá substituírse por unha certificación do rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia.

- 5

#### **SOBRE B: Documentación e técnica:**

D) Solvencia económica: acreditarase por calquera dos seguintes medios:

- Declaracións apropiadas de entidades financieras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- As contas anuais presentadas no rexistro mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán xuntar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- Declaración sobre o volume anual de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios anteriores dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do volume de negocios.

#### E) Solvencia técnica:

- Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, destes. Os servizos ou traballos acreditaranse mediante certificados ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.
- Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato con indicación do seu currículo profesional.
- Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade.
- Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
- Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

#### F) Proposta técnica:

As propostas técnicas consistirán basicamente nunha Memoria de Xestión na que o licitador exporá o seu proxecto para o desenvolvemento do contrato, expresando os medios materiais e persoais que achegará para o desempeño das funcións de dinamización e sensibilización do GAC. Igualmente, fará constar a súa experiencia profesional relacionada co obxecto do contrato e todos os aspectos que serán obxecto de valoración.

#### **SOBRE C: Oferta económica.**

A proposta económica deberá detallar o IVE. Solo se admitirá unha proposta por cada licitador. O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo dun mes a contar desde a apertura das proposicións.

#### **9) MESA DE CONTRATACIÓN**

A Xunta Directiva do Grupo actuará como Mesa de contratación.

Transcorrido o prazo de presentación de ofertas, a mesa de contratación adoptará a decisión de adjudicación, de acordo cos criterios de baremación reseñados nas presentes bases. A

non presentación dalgún dos documentos esixidos ou a presentación dos mesmos en forma distinta á requirida, dará lugar á non admisión definitiva. Non obstante a Mesa de Contratación se o estima conveniente, poderá conceder un prazo de tres días para que o licitador subsane os defectos materiais ou de feito observados na documentación presentada, así como no suposto de que se omita algún documento non substancial.

#### **10) ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CONTRATO**

O resultado da adxudicación será comunicado a empresa seleccionada por calquera medio: teléfono, correo electrónico, carta ou outros.

O contrato formalizarase por escrito no prazo máximo de dez días a contar dende o día seguinte da comunicación da adxudicación. Ó contrato de adxudicación unirase como parte integrante un exemplar destas bases que deberá ser firmado polo adxudicatario.

#### **11) GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO**

O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos de publicación de anuncios derivados desta convocatoria, se procede.

- 7

#### **12) CUMPRIMENTO DA NORMATIVA LABORAL E DE SEGURIDADE SOCIAL.-**

O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais, sen que en ningún caso poida entenderse que entre a Asociación e el exista unha relación de carácter laboral.

#### **13) OBRIGAS DO ADXUDICATARIO**

- a) O adxudicatario queda obrigado a cumprir os extremos da proposta presentada e valorada.
- b) O adxudicatario comprométese, a fin de facilitar o control e seguimento da execución do contrato, a remitir á Presidencia do GAC Ría de Pontevedra, a través da súa Secretaría, coa periodicidade que se acorde, informes da súa xestión.
- c) O adxudicatario levará a cabo o servizo con absoluta confidencialidade e coa debida diligencia. A información, documentación e material entregado polo GAC Ría de Pontevedra,

ao que teña acceso por calquera outra causa, terá como finalidade exclusiva o uso para o servizo contratado.

d) O adxudicatario reconece expresamente que os datos de carácter persoal ou de empresa, aos que tivera acceso por razón da prestación obxecto do presente contrato, son exclusiva propiedade do GAC Ría de Pontevedra, polo que non poderá aplicalos ou empregalos para un fin distinto.

e) O resultado dos traballos de consultaría, na súa totalidade ou en calquera das súas fases, serán propiedade do GAC Ría de Pontevedra.

f) Os dereitos e obrigacións do presente contrato non poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro.

#### **14) PAGOS.-**

O pago do prezo efectuarase logo da presentación de factura e certificación final xunto cun informe do traballo realizado no que se especifique o cumprimento da normativa comunitaria en materia de publicidade. Tamén poderán realizarse certificacións parciais; conforme se desenvolvan as diferentes tarefas e unha vez completas, cada unha delas poderá ser obxecto dunha certificación parcial.

O pago en todos os casos, será realizado mediante transferencia bancaria.

Nos prezos da oferta enténdese que os licitadores incluíron todos os traballos que corresponden ó desempeño dos traballos obxecto do contrato especificados no presente prego. En consecuencia, o adxudicatario non poderá esixir o pago de cantidade algunha por outros conceptos.

#### **15). Réxime xurídico do contrato**

O presente contrato, ten a natureza de contrato privado, rexerase polas presentes bases, por as prescricións establecidas no Plan Estratégico Zonal do Grupo Acción Costeira da Ría de Pontevedra, pola Lei 9/ 2007 de Subvencións de Galicia, e pola lei 3012007 de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001.



## PRESCRICIÓN TÉCNICAS

A **ASISTENCIA TÉCNICA PARA A SENSIBILIZACIÓN E POSTA EN VALOR DOS RESULTADOS DO EIXE IV DO FEP** terá que desenvolver as seguintes tarefas.

- **Avaliación da transformación do territorio e zona de influencia, especialmente, con referencia ao sector pesqueiro.**
- **Avaliación dos resultados da aplicación do programa e do traballo do GAC.**
- **Contribución do Grupo ao desenvolvemento sostible do territorio e área de influencia.**
- **Indicadores de seguimento e avaliación contrastados cos propostos nos regulamentos e demais documentos normativos de desenvolvemento do FEP e do FEMP.**
- **Avaliación de prioridades de traballo.**
- **Avaliación do plan de comunicación do GAC e plan de difusión do traballo.**

### Normativa de publicidade

Todos os materiais e accións deberán cumprir coa normativa publicitaria de proxectos financiados do Fondo Europeo de Pesca e, en particular, a normativa a aplicar aos proxectos desenvolvidos polos Grupos de Acción costeira, especialmente no que se refire a publicitar aos organismos cofinanciadores do programa de Acción Costeira así como ao propio Grupo.

Marín a 10 de abril de 2015

José A. Gómez Castro  
Presidente do GAC